

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE IRIXOA**

ANUNCIO de convocatoria de procesos selectivos de estabilización de persoal temporal de longa duración.

O 22 de decembro de 2022 publicáronse integramente no BOP da Coruña núm. 241 a convocatoria e as bases xerais e específicas, reguladoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas na oferta de emprego público extraordinaria para estabilizar o emprego temporal do Concello de Irixoa, aprobadas polo Acordo da Xunta de Goberno Local, do 16 de decembro de 2022; dáse cumprimento á Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, así como á oferta de emprego público excepcional e extraordinaria de 2022, publicada no BOP da Coruña do 20 de maio de 2022.

Prazas convocadas: orientador/a laboral; técnico/a cultural_bibliotecario/a; técnico/a deportivo/a.

As bases poden ser consultadas tanto no BOP citado, no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://sede.irixoa.es/sxc/gl/>), como no taboleiro de anuncios físico sito na casa do concello de Irixoa.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación das oportunas convocatorias singulares no *Boletín Oficial del Estado*.

Irixoa, 10 de xaneiro de 2023

Antonio Deibe Sanmartín
Alcalde

